

ÍNDICE XERAL

DOC. 01.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

DOC 02.- ESTUDO DO MEDIO RURAL

DOC 03.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DOC 04.- ANÁLISE DA MOBILIDADE

DOC 05.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 06.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 07.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 08.- CATÁLOGO

**DOC 09.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDO ECONÓMICO,
INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA E
MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA**

**DOC 10.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

**DOC 11.- DOCUMENTACIÓN DOS ÁMBITOS DE PLANEAMENTO
CON ORDENACIÓN DETALLADA**

DOC 10.- DOCUMENTO DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

RESULTADO DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS	3
1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.....	3
1.1. CONSULTAS REALIZADAS	4
1.1.1. Dirección Xeral de Urbanismo	4
1.1.2. Instituto de Estudos do Territorio.....	6
1.1.3. Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Servizo de Urbanismo de Pontevedra.....	6

RESULTADO DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

Con data do 01 de abril de 2025 emitiuse o Informe Ambiental Estratégico relativo á Modificación Puntual Núm. 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda no Polígono Industrial Área 33, que conclúe que non se prevé que esta teña efectos ambientais adversos significativos, e indica unha serie de condicións a atender:

1) Para favorecer a integración paisaxística e ambiental da nova zona verde proposta, nas condicións para o seu desenvolvemento incluíranse como medidas a adoptar:

- Eliminar a actual barreira de tuías, optando por especies autóctonas co fin de respectar as epígrafes 2 e 4 directriz de paisaxe DX.10.b) das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Considerar os criterios da Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.
- Evitar a introdución e a posible propagación de especies exóticas e invasoras mediante o control das actuacións asociadas á eliminación da vexetación e aos posibles movementos de terras a realizar na zona.

Inclúense estas medidas na normativa urbanística.

2) A MP1 deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

Inclúese un plano de ordenación coa zonificación acústica do ámbito da MP.

1.1. CONSULTAS REALIZADAS

1.1.1. Dirección Xeral de Urbanismo

Con data do 24 de marzo de 2025, a Dirección Xeral de Urbanismo indica as seguintes cuestións urbanísticas:

- A memoria xustificativa (apartado 2.2.1) menciona que se clasifica como solo urbano parte do solo rústico, mentres que o apartado 1.2 da memoria informativa indica que a MP01 non implica a reclasificación de solo.

Corríxese o apartado 1.2 da memoria informativa.

- Xustificárase que a nova zona verde prevista SL-EL-XAR-01-Ex cumpre as determinacións establecidas no artigo 70 do RLSG. Asemade, a MP01 deberá indicar os criterios para o seu deseño e execución (art. 115 do RLSG).

Indícase esto na memoria xustificativa e incorpóranse á normativa urbanística os criterios para a súa execución e integración.

- A documentación da MP01 deberá axustarse ao requirido nos artigos 131 a 143 do RLSG.

Complétase o documento segundo o indicado.

- O Borrador non contén a totalidade dos documentos previstos na LSG e no RLSG para o PXOM, polo que non se pode entrar a valorar certas cuestións, como é o estudo económico.

A versión inicial que se someta a aprobación contará coa normativa e estudo económico correspondente.

- Achegarase unha listaxe das dotacións do ámbito que cumpra o artigo 134.3 do RLSG.

Inclúese esto na memoria xustificativa.

- Na memoria xustificativa existe unha incongruencia na superficie da dotación 30-DE-P1 trala modificación: na páxina 5 indícase que a dotación reducirase en 1.417 m², mentres que no cadro da páxina 6 dita superficie correspóndese co espazo libre-zona verde do PXOM.

A dotación 30-DE-P1 contaba cunha superficie de 8925 m², que trala redución dos 1.417m², pasa a ter 7.509 m², todas eles fóra do ámbito da presente MP. Engádese unha aclaración baixo o cadro de clasificación do solo, posto que a zona verde incluída na MP correspóndense cos 1.417m² do 30-DE-P1 e que desaparecen,

mentres que os 2.148 m² novos se corresponden coa nova dotación denominada SL-EL-XAR-01-Ob.

- No plano de ordenación PORD_03_SU non aparece a etiqueta da ordenanza na parcela industrial, polo que non queda claro se se refire á 0 -5.1 ou a 0 -5.2.
- No plano de ordenación PORD_03_SU, o viario SL-IC-VIA-01-Ex atópase co sombreado correspondente a zonas verdes/espazos libres.
- Debido ás superposicións entre liñas, no plano de ordenación PORD_03_SU non quedan claras as aliñacións.
- No plano de ordenación PORD_02_EXO non deben vir grafadas as zonas verdes/espazos libres obxecto da modificación, ao tratarse de zonas verdes/espazos libres de sistema local.
- O ámbito do territorio histórico da Vía da Prata quedou por debaixo dalgúns sombreados (planos PORD_02_EXO, PORD_03_SU). O mesmo que as curvas de nivel.

Corríxense estes aspectos nos planos.

Ademais, indica a unha serie de cuestións respecto da adaptación ás NNTTPP:

- No cartafol 01.MX non consta o anexo de vixencia segundo o modelo do anexo 7 coas figuras de planeamento que resulten vixentes ou sexan históricas (artigo 12 das NNTTPP).

Inclúese este anexo.

- No cartafol 03.AMAP non constan a totalidade dos arquivos especificados no anexo 4 das NNTTPP; no caso de que non sexan precisos os documentos referidos deberá engadirse ao final da codificación as siglas _NP que indican a súa falta de procedencia (artigo 13.4).

Inclúense estes arquivos.

- Nos carpetas 05.PINF e 06.PORD non constan a totalidade dos arquivos (por exemplo, 02RISCOS) ou ben a codificación dos arquivos non está completamente adaptada ao regulado no anexo 4 das NNTTPP (01USOS en lugar de 01_USOS_SOLO, entre outros).

Revísase a codificación dos arquivos, se ben se omiten planos que non procede elaborar na presente MP. Inclúense estes engadindo as siglas _NP.

- As etiquetas empregadas deberán adaptarse ao regulado no anexo 2 das NNTTPP (artigo 14.6 das NNTTPP). Neste senso, a nova zona verde SL-EL-XAR-01-Ex é un sistema previsto, polo que na súa etiqueta debера aparecer "Ob" en lugar "Ex".

Corríxese este aspecto.

1.1.2. Instituto de Estudos do Territorio

Con data do 27 de marzo de 2025, o Instituto de Estudos do Territorio conclúe que a presente MP non terá efectos significativos sobre a paisaxe, e en todo caso estes efectos serán positivos para a paisaxe urbana sempre e cando se teñan en consideración os seguintes aspectos:

Para mellorar a integración paisaxística recoméndase incluír as seguintes medidas para un adecuado deseño da nova dotación espazo libre e zona verde (SL-EL-XAR-01-Ex) :

- Eliminar a actual barreira de tuías optando por especies autóctonas nunha zona que se abre cara o solo rústico, co fin de respectar as epígrafes 2 e 4 directriz de paisaxe DX.10.b).
- Recoméndase ter en conta os criterios da Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos (dispoñibles na páxina web desta consellería).

Inclúense estas medidas na normativa urbanística.

1.1.3. Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Servizo de Urbanismo de Pontevedra

Con data do 20 de xaneiro de 2026 recíbese REQUIRIMENTO DE INTEGRIDADE DOCUMENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA NO POLÍGONO INDUSTRIAL ÁREA 33.

Neste requirimento sinálase o seguinte:

1. No tocante ao expediente administrativo:

- Non se achega o expediente administrativo, que deberá estar completo e debidamente dilixenciado (art. 60.13 da LSG). Ademais, deberá vir acompañado dun índice autenticado dos documentos que contén (art. 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).
- Non se achega o documento técnico en formato PDF sen dilixenciar, polo que non é posible comprobar a pegada dixital incluída no anexo 9.

2. Respecto do documento técnico:

1. A codificación básica das carpetas en formato editable e non editable non se adapta ao establecido no artigo 11.2 das NNTTPP.

2. Non se incorpora o cartafol "11.ORDET" (art. 13.1 e anexo 4 das NNTTPP). Cando non proceda incorporar algún dos documentos, manterase igualmente a carpeta correspondente na estrutura do plan e incluírase nela un documento no que se deixe constancia do motivo da súa falla e que conterá o código "_NP" (art. 13.4 das NNTTPP).

3. Os arquivos dilixenciados inclúen na súa codificación a expresión “_signed”, que non se corresponde coa codificación do anexo 4 das NNTTPP.

4. Os arquivos en formato PDF deberán manter unha orientación invariable no documento (art. 10.5 das NNTTPP), achegando as páxinas de tamaño e orientación distinta nun arquivo PDF independente (cando menos, deberán corrixirse os arquivos “36052_MP01PXOM_202510_AP_MX_03.4ANX_VIXENCIA_signed” e “36052_MP01PXOM_202510_AP_EE_03ISE_signed”).

5. Cando menos, os arquivos “36052_MPO1PXOM_AP_03.4ANX_VIXENCIA_signed” e “36052_MP01PXOM_202510_AP_EE_03ISE_signed” conteñen discordancias no referente á data e á fase nas distintas páxinas do documento.

6. As lendas de simboloxía gráfica non coinciden coas recollidas no PXOM nin se atopan adaptadas ao establecido no anexo 2 das NNTTPP (cando menos, o trazado do Camiño no plano 05.05, rede de saneamento no plano 05.08, infraestruturas de comunicación no plano 05.09).

7. A carpeta “36052_MP01PXOM_EDIT.zip” contén un arquivo denominado “36052_MP01PXOM_202510_AP_02EDIT.zip(1).hexhash” coa pegada dixital do documento en formato editable. Dito arquivo deberá achegarse fóra da carpeta EDIT, toda vez que a pegada debe calcularse unha vez comprimida a dita carpeta. Asemade, a pegada dixital calculada non se corresponde coa incluída no anexo 9B achegado.

8. No referido ós arquivos vectoriais:

i. As capas vectoriais fan referencia á fase de tramitación de borrador, debendo identificarse coa codificación básica do documento establecida no art. 11.2 das NNTTPP.

ii. Nalgúns arquivos a documentación en formato editable e non editable non é coincidente, cando menos:

- O plano 05.09 a lenda non se corresponde entre ambos documentos.
- Nos planos de información e ordenación dos arquivos vectoriais existen erros na fase e na data incluídos na cartela, estando correctos os PDF.

iii. Os planos de ordenación das series 06.04 e 06.05 deberán remarcar a folia que corresponda ao contido do plano no gráfico distribuidor das follas (art. 6.2 das NNTTPP).

Corríxese o requirido neste documento

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga

